

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: Valdoviño

COMARCA: Ferrolterra

DATA: 30-04-16

LUGAR DE REALIZACIÓN: Casa da Cultura

ASISTENCIA

Nº DE ASISTENTES: (no momento de maior participación): 9

Nº de NON MILITANTES ASISTENTES: 2

Nº de MILITANTES CONVOCAD@S: toda a militancia

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

.A nivel local: Verónica Hermida García e José Manuel Souto Lamas

.Representante Consello Nacional: Suso Soto (en substitución de Iago Varela)

Nº DE PERSOAS QUE INTERVIRON: 7

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: 1 h 20m

METODOLOXÍA EMPREGADA: clásica

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁVEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN: moi participativa, intensa e fluída. Non se conseguiu a participación cuantitativa desexada de persoas non habituais a pesares da boa publicitación do acto.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

CON CARÁCTER XERAL:

. Faise a análise da percepción que se ten por parte de certo sector social alonxado do nacionalismo dun BNG apartado da problemática da realidade cotiá (hipotecas, traballo, becas,...).

. A sociedade non valora a intervención social do BNG.

- . O BNG non presenta propostas que socialmente sexan valoradas pola trascendencia real das mesmas.
- . Contacto social : reservas sociais na interrelación coa militancia do BNG pola imaxe de sectarismo que moitas veces se manifesta.
- . Comentario social sobre a cantidade de votantes do BNG que, historicamente, non eran nacionalistas.
- . Excesivo negativismo no BNG: reiteración no recoñecemento de culpas.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

- . Ir á concreción nas propostas: enfrontando as propostas pantasma das “novas políticas”, feitas de fume.
- . Criar ilusión, positivismo.
- . Insistir no traballo institucional.
- . Recuperar a autoestima do BNG.
- . O BNG debe trasladar á sociedade a política real.
- . O BNG debe regular o nivel de mobilizacións.
- . Na valoración de que, como BNG, non se fixo a axeitada defensa do noso paso polo goberno bipartito, facer, como imprescindible e necesario exercicio de memoria histórica e con perspectiva da necesaria pedagogía popular a seria reivindicación dos múltiples aspectos positivos do noso exercicio de goberno en tal período.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

- . É absolutamente imprescindible a incorporación da mocidade como cadros orgánicos.
- . Na consideración de que os liderados necesitan, no caso concreto do BNG, dotalos dun amplo recorrido de tempo par chegar a ser referentes socialmente, así coma estar construídos sobre unha base real.
- . Promoción orgánica da xente con verdadeira capacidade.
- . Abrir as convocatorias do BNG ao global da sociedade, non somentes aos círculos próximos.

. Clarificación para evitar confusións do que, a algunha militancia lle custa entender, do termo REFUNDACIÓN.